

M  
V



M  
M



# MVMM

## Índice

1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO .....	3
2. BIOGRAFÍA DE Mª VICTORIA MORENO MÁRQUEZ .....	4
3. HISTORIA DE GALICIA (1939-2005) .....	5
4. ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL .....	6
5. ACTIVIDADES PARA 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA .....	11
6. ACTIVIDADES PARA 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA .....	18
7. ACTIVIDADES PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA .....	21
8. ACTIVIDADES TIC E TAC .....	26
9. BIBLIOGRAFÍA .....	27

# 1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

"As persoas estamos feitas para levar a cabo os proxectos máis fermosos" (Anagnórise, 1988). Esta célebre frase da autora homenaxeada no día das letras Galegas neste ano 2018, M<sup>a</sup> Victoria Moreno Márquez, foi a nosa principal motivación para poñer en marcha este pequeno proxecto. No noso centro levamos anos traballando para que o noso alumnado teña a oportunidade de aprender dun xeito diferente, fomentando a súa visión cultural e artística, tan esquecidas as veces.

O feito de traballar a biografía e bibliografía desta autora, tomando como base a imaxinación e a creatividade das nosas rapazas e rapaces conseguiu achegar a lingua e a cultura galega dun xeito máis significativo para eles, fomentando a súa motivación e implicación. O respecto pola nosa lingua, cultura e patrimonio artístico son alicerces básicos na nosa visión sobre a educación. E que mellor xeito de aprender sobre o amor a nosa terra, que a través das obras dunha persoa que mostrou sempre tanta paixón por todo aquilo relativo a Galicia e ao galego!

Durante estes meses pasámolo fenomenal elaborando carteis e lendo obras da autora, ademais aprendemos moito sobre a historia da nosa contorna. Non hai dúbida, o esforzo realizado mereceu a pena! Toda a comunidade educativa do noso centro espera que desfrutedes das actividades deseñadas.

## 2. BIOGRAFÍA DE M<sup>a</sup> VICTORIA MORENO MÁRQUEZ

María Victoria Moreno foi unha mestra e escritora nacida en Valencia de Alcántara (Cáceres, 1939), filla dun militar e dunha mestra. Fixo o Bacharelato en Barcelona e licenciouse en Filoloxía Románica na Universidade de Madrid, onde tivo como profesores a Rafael Lapesa e Dámaso Alonso. Viviu dous anos en Lugo, onde tivo por alumno a Xesús Rábade Paredes; e pasou unha temporada en Vilalonga (Sanxenxo). En 1963 chegou a Pontevedra con praza de profesora (despois catedrática), e deu clase no IES Valle Inclán e no IES Gonzalo Torrente Ballester. Foi durante a súa etapa en Pontevedra cando recibiu o alcumo de Peregrina Pérez.

Dedicou boa parte da súa vida a ensinanza, como profesora trataba de afastarse da metodoloxía habitual da época, afanándose na procura dun método de ensino no que prevalecese o gozo que supón a aprendizaxe, deixando de lado o autoritarismo que se exercía en moitos centros educativos.

Tocoulle vivir nunha época difícil, a posguerra. Como nena que era, intentaba afastarse da realidade que a rodeaba creando historias. Uns anos máis tarde, na adolescencia, escribiu unha das súas primeiras novelas, que se chamaría "Donde el aire no era brisa". Pedro Ferriol, compañeiro seu durante os últimos anos, presentou a obra ao concurso literario de Monleón, onde gañou o primeiro premio. Tamén quedou finalista do Premio Café Gijón.

Estableceuse definitivamente en Galicia e adquiriu o compromiso de escribir só en galego. Participou activamente na vida cultural e política de Pontevedra e de Galicia, colaborando en conferencias, cursos ou encontros literarios. A súa fascinación dende moi nova por Galicia e pola súa lingua provocaron nela unha entrega absoluta á defensa e promoción da lingua galega e da nosa cultura.

Ademais de novelas e contos, escribiu obras de ensaio, colaborou en libros de texto e dirixiu a colección "Árbore" da editorial Galaxia. Esta autora é considerada como unha das figuras máis importantes da literatura infantil e xuvenil en lingua galega. O primeiro libro que publicou foi *Mar adiante* (1973), na que retratou a súa visión da ensinanza, onde unha morea de rapaces e rapazas tiveron a oportunidade de desfrutar dunha escola diferente abordo dun barco chamado Arroás. Dende entón, publicou obras tan importantes como *A festa no faiado* (1983); *Leonardo e os fontaneiros* (1986); *Anagnórise* (1988), unha das súas

obras máis famosas; *¿E haberá tirón de orellas?*; *A brétema* (1999); *Guedellas de seda e liño* (1999); *Diario da luz e a sombra* (Xerais 2004), onde recolleu a súa experiencia como enferma de cancro de mama; *Eu conto, ti cantas* (Xerais 2005), que reúne tres contos de animais escritos en verso e *Elexías de luz* (Xerais 2006), publicada despois do seu falecemento.

No que respecta a vida persoal de María Victoria, os que a coñeceron afirman que era unha persoa xenerosa e decidida, apaixonada da literatura, da ensinanza e de Galicia. O 22 de novembro de 2005 deixou a súa terra galega para sempre, faleceu vítima dun cancro de mama, deixándonos a súa obra para continuar desfrutando dunha pequena parte dela.

**1. Completa a biografía da autora homenaxeada. Podes empregar o cartel nº 2 para atopar as respostas.**

1. M<sup>a</sup> Victoria Moreno Márquez naceu en.....
2. Era filla dun..... e dunha.....
3. Estudou o Bacharelato en..... e licenciouse en Filoloxía Románica na Universidade de.....
4. En que cidades traballou como profesora?.....
5. Cal era o seu alcumo?.....
6. Como se chamaba a colección da Editorial Galaxia que dirixiu?
  - a. Estrela
  - b. Árbore
  - c. Catedral
7. Poderías nomear o título de catro das súas obras?.....  
.....

### **3. HISTORIA DE GALICIA (1939-2005)**

Os rapaces e rapazas da nosa escola xunto cos seus mestres e mestras fixeron bonequiños de plastilina e moitos debuxos para contarlle a todo o mundo o que sucedeu en Galiza durante os anos que viviu M<sup>a</sup> Victoria Moreno Márquez. Poderedes ver o enlace ao vídeo na web do noso centro.


#### 4. ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL

1. *Continúa a serie:*














# TANGRAM

Un rasgo característico da escritora María Victoria Moreno Márquez é que tiña unhas gafas que levaba habitualmente postas. Polo tanto, neste exercicio tes que construír unhas gafas iguais cas que están formadas coas pezas deste xogo chamado Tangram. Saberías facelo?



# A BRÉTEMA

1. Une os que sexam iguais e escribe debaixo o número correspondente.







2. Puzzle M<sup>a</sup> Victoria Moreno Márquez:








# ANAGNÓRISE

1. Rodea os vehículos que observas no mural de Anagnórise:



2. Une cada un dos vehículos co lugar polo que circulan:



## 5. ACTIVIDADES PARA 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Unha das obras máis famosas de María Victoria Moreno é a obra titulada *Amagnórise*. Esta historia ten lugar dentro dun coche. Imos ver canto sabes sobre os vehículos!

1. Completa con o, a, os e as:

\_\_\_\_\_ sinais

\_\_\_\_\_ nubes

\_\_\_\_\_ árbores

\_\_\_\_\_ barcos

\_\_\_\_\_ estrada

\_\_\_\_\_ xanelas

\_\_\_\_\_ mar

\_\_\_\_\_ rodas


\_\_\_\_\_ espellos

\_\_\_\_\_ ceo

\_\_\_\_\_ coche

\_\_\_\_\_ paisaxe

2. Sinala a forma xeométrica de cada sinal:



3. Une as onomatopeicas co animal, obxecto ou acción que representan:

tic-tac

un galo

jajaja

un reloxo

kikiriki

unha campá

brrrum, brrrum!

explosión

Boom!

risa

Tolón, tolón

unha moto



# EU CONTO, TI CANTAS...

1. Este libro reúne 3 contos de animais escritos en verso.

1.- IXA NON TEÑO MEDO!


Eu, cando sexa grande, serei bombeiro,  
acaso policía, ou quizáis médico.

Son los oficios:

gáñase o pan velando  
polos veciños

EXTRACTO  
DUN DOS  
POEMAS DE  
¡XA NON  
TEÑO  
MEDO!

Eu de maior quero  
ser...



## 2.- CAN BRANCO, CAN NEGRO.

# Quen e quen?



A partires das descrições da seguinte páxina,

adivínade que can é

Correcamiños e cal Nicolau.



### Correcamiños nacell

na leiravía da estrada  
onde un home malo e feo  
botara a cadela branca,  
que levaba na barriga  
seis cadeliños de nata.

Eran todos seis, moi brancos,  
moi bonitos, e foi magoa  
que ninguén os recibise  
e ninguén lles desek casa.

Cousas tristes desta vida  
que apesararam cando pasan...

Mais tanta a nai coma as fillos  
eran felices, rogaban  
e, dentro do que e ser pobres,  
non lles faltaba de nada.

A nai buscaba a comida  
e dábase moita maña  
para aqueler os cativos  
aa tempo que os aleitava.

Chamáronlle Nicolau  
un día de primavera  
cando chegou a esta vida  
aquele nobello de seda  
aquele nobello de seda.  
Era un canciño moi  
de capa brillante e negro  
docees oliños de mel  
e bendadasas ovellas  
que daban á súa coriña  
unha traza viva e tenra  
Foi recibido por todos  
con alarumiños e festas  
porque amais de ser  
bonito, tiña, moi  
leas manciñas:  
era limbel con calque  
tan ledo coma un  
aproveite e tiña  
unhas ocorriñas  
que facían rir a gente  
por máis triste  
que estivera.

Anaco extraído do poema  
"Almorzo" dentro do conto escrito  
en verso "Un cachiño de bica?"

3. UN CACHIÑO DE BICA?

Como se chama a cadela que ilustra o mural número 8?

.....

*Ordena as letras para formar as palabras que saían da taza do almorzo*

*Brincaban ao seu gusto  
Sobre o mantel,  
Xuntándose en palabras  
Que puiden ler*

**A m r o**

a P n

a o c i e s

a c a s

i o m ñ c a

Co papelinho en branco...

Así comeza unha das estrofas que compoñen o poema co que estamos traballando. Da última palabra do verso, agora tedes que facer

*... O XOGO DAS PALABRAS ENCADENADAS.*

**Descifra a palabra secreta...**

A word chain puzzle. It consists of a grid of 28 animal icons, each with a letter in a gold circle below it. The letters are: Row 1: A (bird), B (square), C (fish), D (snake), E (arrow), F (turkey), G (bird); Row 2: H (fox), I (rabbit), J (cat), K (lizard), L (bird), M (chicken), N (pig); Row 3: O (dog), P (turtle), Q (fish), R (caterpillar), S (snake), T (bird), U (spider); Row 4: V (jellyfish), W (worm), X (insect), Z (paw print). Below the grid is a red banner with a sequence of icons: fish, dog, bird, arrow, bird, bird, dog.

--	--	--	--	--	--	--	--


# A FESTA NO FAIADO

1. Completar as palabras coas letras que se caeron:

G\_ t\_      Bo\_ e\_ a      \_ a\_ a\_ o      Pa\_ a\_ o      \_ eia\_ \_


o	d	a	n	r	f
n	e	i	c	e	

2. Realiza as operacións ata chegar ao resultado final ao pico do faiado:



3. Identifica as figuras xeométricas que hai na seguinte imaxe e indica cantas hai de cada tipo:

----- : -----  
 ----- : -----  
 ----- : -----  
 ----- : -----  
 ----- : -----





# A BRÉTEMA

1. Repasa e completa:

➤ cereixas

➤ paxaro

➤ velliña

➤ nenos

● Unhas fresquiñas



● Un engaiolado



● Uns tremían de frío




● Unha choraba polas noites



## 6. ACTIVIDADES PARA 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

# A BRÉTEMA

1. Localiza nesta sopa de letras o nome dos seguintes fenómenos atmosféricos:



# MAR ADIANTE!

Mar adiante é unha das obras máis famosas de M<sup>a</sup> Victoria Moreno. Neste libro narra a historia dunha mestra que un bo día apareceu na súa escola contando que acababa de chegar de "poñerlle escola ao mar" e de vivir verdadeiras aventuras no Arroás. Todos pensaron que toleara! Pero ela sabía que aquilo non fora un soño! Así que decidíu escribir as aventuras que vivira naquel barco.



A historia do Arroás comeza cando Miguel, un mariñeiro de Portosouril, decide construír un barco para que a rapazada da súa vila puidera ter unha escola diferente. Como o escoitades, Miguel construíu un barco para facer unha escola! O único que necesitaba agora era unha mestra, alumnos e a mellor tripulación que puidera atopar!

Miguel non tardou moito en encher o seu barco-escola e axudar aos nenos da vila a vivir aventuras fantásticas! Contos de lobos que se preocupan polos nenos, illas cheas de paxaros que chegaron alí buscando un lugar mellor onde vivir son algunhas das historias que leerás neste fabuloso libro.

1. Os nenos e nenas de Portosouril querían ir a unha escola na que aprenderan as cousas que eles e elas consideraban realmente importantes. Imaxina que eres un deses nenos/as e describe como sería a túa escola ideal:

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---


Na illa das aves había moitos paxaros, entre os que atopamos os seguintes:



Ruliña  
RULIÑA

Pimpín  
PIMPÍN

Chasco  
CHASCO



Merlo  
MERLO

Gaiyota  
GAIVOTA

Corvo  
CORVO



Xílgaro  
XÍLGARO

Carrizo  
CARRIZO

Pardal  
PARDAL

2. Une o nome de cada paxaro coa súa fotografía:

- RULIÑA
- CHASCO
- MERLO
- GAIVOTA
- CORVO
- XÍLGARO
- CARRIZO
- PARDAL



3. Poderías atopar o nome destes paxaros na sopa de letras.




MERLO  
CARRIZO  
GAIVOTA  
CHASCO  
XÍLGARO

PIMPÍN  
PARDAL  
CORVO  
RULA

En **Mar adiante** cóntannos a historia de Mariquiña, unha nena que todos os días ía da aldea para a cidade soíña polo monte, co único fin de axudar a súa familia. Facendo todos os días o mesmo camiño fixo moitos amigos, todos eles tiñan algo en común: non se fiaban do lobo! Non obstante, ao final da historia pasou algo que ninguén esperaba...

4. Adiviña a mensaxe oculta:



__	L	__	O	__	M	__	R	__	Q	__	IÑ	__	F	__	XÉR	__	NS	__	A	__	I	__	O	__
----	---	----	---	----	---	----	---	----	---	----	----	----	---	----	-----	----	----	----	---	----	---	----	---	----

## 7. ACTIVIDADES PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

No cartel número 5 podemos ver as portadas de moitas das obras de "Peregrina Pérez". Como xa sabes, este era o alcumo de **María Victoria Moreno Márquez**. Esta muller foi unha das escritoras máis importantes da literatura infantil e xuvenil galega. Fixándote no cartel, e despois de ter lido algunha das súas obras, poderías escribir o título dos libros pertencentes aos seguintes xéneros literarios?

✚ **Narrativa:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

✚ **Lírica (poesía):** \_\_\_\_\_

✚ **Teatro:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

M<sup>a</sup> Victoria Moreno foi unha apaixonada da poesía. Esperamos que moitos e moitas de vós compartades esa afección polos poemas. Propoñémosvos que escollades un dos poemas que aparecen no libro de Mar adiante e que contestedes ás seguintes preguntas!

### a) Mar adiante (páx. 49)

Veciños da Carballeira,  
Chorade polos paxaros  
Que voaron mar adiante  
Tristeiros e alporizados.

### b) Mar adiante (páx. 21)

Raparigos do Arroás  
Fóronse as nubes do ceo  
E érguese o sol desde o mar.  
Non sexades preguiceiros,  
ivinde todos almorzar!

### c) Mar adiante (páx. 50)

As árbores da Carballeira,  
os carballos silandeiros,  
aínda soñan cos paxaros  
que antes nelas estiveron.

❖ Cal dos poemas é o teu favorito? \_\_\_\_\_

❖ Cantas versos ten? \_\_\_\_\_

❖ Ten rima asonante ou consonante? \_\_\_\_\_

❖ Escribe un exemplo de rima asonante \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

❖ Escribe un exemplo de rima consonante \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

❖ Busca no dicionario as palabras dos poemas que non coñezas

\_\_\_\_\_

❖ Agora fai un debuxo relacionado coa temática do poema elixido.

# A BRÉTEMA

1. Describe a paisaxe de Vilaxeada:

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---





# ANAGNÓRISE

1. Busca no dicionario o significado da palabra *Anagnórise*.

---

2. Distingue o suxeito do predicado nas seguintes oracións:

Nicolás vaise da súa casa.

Xulia e el non se coñecen.

A ela gústanlle os coches.

Eles conversan durante horas.

3. A novela representada no mural de *Anagnórise* narra unha viaxe desde Galicia ata Madrid. Sitúa estas dúas comunidades autónomas no mapa de España:



4. Nomea as partes do coche que se observan no mural. Podes buscar información en Internet e engadir máis elementos.

---

---

---

5. A muller protagonista do libro "Anagnórise" é escritora. Adiviña a que profesións se refiren as seguintes pistas:

- Persoa que se encarga da seguridade dos cidadáns → \_\_\_\_\_
- Persoa que labra a madeira e fai obxectos con ela → \_\_\_\_\_
- Persoa que se dedica a facer fotografías → \_\_\_\_\_
- Persoa que coida e cultiva un xardín → \_\_\_\_\_
- Persoa encargada de extinguir incendios → \_\_\_\_\_
- Persoa que se dedica a peitear e cortar o pelo → \_\_\_\_\_

## 8. ACTIVIDADES TIC E TAC



Propoñémosvos coller os vosos ordenadores e prepararvos para demostrar os vosos coñecementos sobre as Letras Galegas e M<sup>a</sup> Victoria Moreno Márquez. Para iso imos usar unha ferramenta moi divertida chamada kahoot. Esperamos que vos guste!

- Podes entrar en Kahoot e buscar **MVMM2018** ou escribir o seguinte link:

<http://bit.ly/2IPPQ73>

## 9. BIBLIOGRAFÍA

- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (1973). *Mar adiante*, Sada, Edicións do Castro.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (1979). "O cataventos", en *Contos para nenos*, Vigo, Editorial Galaxia.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (1983). *A festa no faiado*, Vigo, Editorial Galaxia.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (1988). *Anagnórise*, Vigo, Editorial Galaxia.
- *Leonardo e os fontaneiros*, Vigo, Editorial Galaxia, 1986. 3<sup>o</sup> Premio O Barco de Vapor.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (1994). *¿Un cachiño de bica?*, Vigo, Editorial SM.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (1997). *¿E haberá tirón de orellas?*, Vigo, Editorial Galaxia.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (1999). *A brétema*, Vigo, Ir Indo.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria Guedellas de seda e liño (1999), Vigo, Editorial Galaxia.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (2005). *Eu conto, ti cantas*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Moreno Márquez, M<sup>a</sup> Victoria (2006). *Elexías de luz*, Vigo, Edición Xerais.
- <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=60>
- [https://es.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADDa\\_Victoria\\_Moreno\\_M%C3%A1rquez](https://es.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADDa_Victoria_Moreno_M%C3%A1rquez)
- <http://praza.gal/cultura/14453/as-letras-do-2018-para-maria-victoria-moreno-a-profesora-que-viaxou-cara-ao-galego/>



2018

